



## *A ferida*

Begoña Paz

### True love

Dimo outra vez, anda. Dimo se te atreves. Que, ¿Onde está a túa nai agora? ¿Onde? Non a vexo. ¿E ti? Eh, eh... ¿Onde cres que vas? Quieta aí. ¿Dóече? Máis che vai doer como non te estas quieta. ¡Axeónllate! ¡Dixen que te axeonlles! Así, moi ben... I mos buscar a mamaíña. ¡Mamaíííñaal! ¿Onde estás, mamaíña? ¿Debaixo da cama? Non, ¿verdade? ¿E no armario? Mira debaixo do armario. ¡Que mires, che dixen! Ah, a nena non quere mirar... ¿Agora non queres ver a mamá? ¿Non querías irte con ela? Sen avisar, ademais. ¡Contesta! ¡E non chores, cona! Veña, dimo, dimo á cara. Eu entendereino. Eu entédeo todo. Entendo que teño unha muller que non vale nada, ¡nada!, ¿oíches?, entendo que teño a casa como o cu, ¡a miña casa! E por riba, ¡manda collóns!, quéreste ir á casa da puta da túa nai, a facerlle de criada ¡Estúpida! Deixa de chorar. Que deixes de chorar. Non o aturo, ¡sabes que non o aturo! ¿Que queres, tolearme? ¿Buscas bulla? ¿É iso? ¿Que? Ah, non, ti non te vas. ¡Ven aquí! ¡Que veñas! ¿Ves? Xa te avisei... A culpa é túa, ti obrigáchesme a facelo, con esas putas bágoas, con esas fodida cara de vítima que tes. Estarás contenta, ¿non? ¿Máis bágoas? ¿É que non aprendes? ¿É que queres máis? ¿É iso? A nai que te pariu... Serás porca... Límpao. Que o limpes, díxenche. ¡Que o limpes, cona! ¿E a min que collóns me contas? Coa blusa, co pelo, coa lingua, que máis da. ¡Límpao! Así... Moi ben... ¿Ves como non era tan difícil?